

Normas de préstamo e consulta na BIBLIOTECA no curso 2021-2022

Debido ás restricións de espazo a causa da COVID-2019 as instalacións da Biblioteca seguen a ser utilizadas como aula no presente curso para materias colectivas. Mentres esta situación continúe a consulta e préstamo verase limitada ás franxas nas que dito espazo non estea sendo utilizado.

PRÉSTAMO E CONSULTA EN BIBLIOTECA

No horario exposto no taboleiro do Centro detállanse en amarelo as franxas nas que a biblioteca funcionará de xeito presencial. Nestes horarios poderá accederse a consulta e préstamo na propia biblioteca sen ningunha restrición. Isto afecta especialmente aos exemplares non prestables da mesma: enciclopedias, dicionarios e os Traballos de Fin de Estudos.

PRÉSTAMO DIFERIDO (FORA DO HORARIO PRESENCIAL DA BIBLIOTECA)

No caso de que o usuario non poida acudir no horario anterior e quixese tomar emprastado un libro, os usuarios deberán acceder ao catálogo *on line* na páxina *web* do centro

<https://www.csmcoruna.com/biblioteca/?lang=es>

<http://www.opacmeiga.rbq Galicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CEK005>

Unha vez localizada a referencia, deberase efectuarse unha solicitude ao seguinte correo electrónico. bibliotecacsmus@gmail.com

Nesta solicitude deben constar:

-O nome, apelidos e DNI do usuario*

-O título e autor/es da referencia solicitada.

-O número de rexistro do exemplar que queiran levar en empréstito que consta no catálogo *on line*.

***No caso de ser un libro de préstamo o usuario deberá terse rexistrado no programa da Biblioteca. Para facilitar esta tarefa poderá realizarse o carnet telemáticamente enviando unha fotografía do DNI un número de teléfono móbil e un e-mail de contacto ao mesmo correo sinalado anteriormente.**

Esta solicitude cursarase no rexistro de MEIGA como se o libro fora xa emprastado no momento en que se confirme o préstamo telemático mediante *mail*. Ao día seguinte o usuario poderá recoller o seu libro. No caso de que queira recollelo nun horario na que a biblioteca estea ocupada con clases dirixirase ás aulas habilitadas no resto do horario (franxas en branco) INFORMANDO DA HORA E DA AULA NA QUE SE VAI RECOLLER para facilitar a organización xa que debe firmar a entrega. No caso de que non se recolla nesa franxa horaria e nese día non se poderá facer efectivo o préstamo e terase que volver a xestionar.

O prazo de préstamo é de 15 días e o se pode retirar ate tres libros. O usuario está obrigado a devolver o libro nese prazo ben de xeito presencial nas franxas presenciais ou no resto de horario nas aulas habilitadas. Neste caso asinará tamén a devolución.